

- Vou descansar os ollos un anaco, deixo o ordenador aceso, así non teño que esperar despois mentres se inicia.
- Parece que caen unhas pingas de auga, qué preguiza mollarme o pelo, mellor collemo-lo coche para ir a panadería.
- Vedes algunha papeleira por aquí? Bueno, non pasa nada, deixo a lata aquí, xa a recollerá alguén.
- Xa non sei o que dixo o de *Sogama* da reciclaxe de dos bolis, botareinos no contenedor de envases, malo será!
- Cantas veces che teño que dicir que apagues a luz ao saír da habitación??
- Que cres que se pode facer con esta finca? O máis rentable sonche os eucaliptos...
- Como que vas comprar outro móbil? Non compraras un fai menos dun ano? Si, pero agora saíu un que fai os selfies con máis resolución.
- Colle aí unhas mazás, as que veñen envasadas mellor, que así non tes que esperar a cola da frutería.
- Volvéronseme estropear as verduras e o xamón que comprara fai dúas semanas, a ver cando deixo de tira-lo diñeiro e organizo mellor a compra da semana!
- Nós non separamos residuos, total despois veñen e mezclan todo no mesmo camión!
- Pero por que teño que levar unha froita e un bocadillo para o recreo? Prefiro levar un tetrabrick de zume e uns *donuts*!

Sóanche estas frases? Pensa que cada vez que as pronunciamos estamos a facerlle unha ferida máis ao noso planeta. Un planeta que leva dándonos mostras do seu padecemento dende Hai xa moito tempo. Advertencias que preferimos desoir porque non van connosco, nós non vivimos nun casquete polar, que máis dará que se funda?, tampouco coñecemos a Gran Barreira de Coral...a min que, se está a desaparecer?

O medio ambiente comeza nas nosas habitacións, nas nosas casas e rúas, na escola e nos parques, na praia e no río aos que imos pasar o noso tempo de lecer.

NON HAI DESCULPAS, É A NOSA RESPONSABILIDADE.